

O NADAL



XXXV

certame
de
xornalismo

certame
de
poesía



XXXV CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

Patrocina:



LOGOTIPO:

XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:

XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:

XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»

DEP. LEGAL LU 206-2011

XXXV CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL

Patrocina:



XUNTA DE GALICIA

Colabora:

Concello
de **BEGONTE**

ARREDOR DO NADAL


Chegamos á edición XL do Belén Electrónico de Begonte e das actividades que o rodean ata conformar este especial tempo que Begonte vive cada ano ata chegar a ser coñecido como “Begonte do Belén”.

Que lonxano aquel 1972 en que meu irmán José e Joselín (José Rodríguez Varela) crearon en Begonte este belén fermoso e inocente, que foi evolucionando ano tras ano ata chegar ata case facerse imprescindible no panorama do Nadal galego! Que lonxano parece no tempo, agora que os dous están agardando por nós nese espazo inmaterial no que todos agardamos estar algún día, na contemplación do misterio que reflectimos aquí cada Nadal!

E se embargo, que preto de nós queda aquela xa antiga experiencia creadora, xa que o Belén que hoxe temos é aquel mesmo belén inicial, evoluído, aumentado, pero coa mesma ilusión, coa mesma máxia, coa mesma simboloxía e coa mesma fe que acompañou a aquela primeira iniciativa.

O noso Belén, e o “Museo José Rodríguez Varela” que o acompaña, é unha permanente homenaxe aos seus creadores, aos amigos xa desaparecidos, a todo o pobo de Begonte que leva catro décadas identificándose con él, pero sobre todo é unha testemuña de fe e o desexo de representar físicamente, artística e sinxelamente o fermoso misterio co que se inicia a Redención, e que ao repetilo en Begonte ano tras ano mesmo nos parece que tamén aquí tivo lugar.

Desde Begonte invitamos a todos os lucenses, a todos os galegos, a visitar o noso Belén, froito do entusiasmo e da fe, e comprobar o por que cada vez máis os que nos visitan chaman a este pobo “Begonte do Belén”.

A handwritten signature in black ink, reading "Xesús Domínguez Guizán". The signature is written in a cursive style and is underlined with a single horizontal stroke.

*Jesús Domínguez Guizán,
Presidente do Centro Cultural
José Domínguez Guizán.*



POESÍA

XXXV CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte –entidade que promove o Belén Electrónico– co patrocinio de Caixa Galicia, co gallo do Nadal 2010 ven de convocar o XXXV Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal, que se vai rexir polas seguintes bases:

1. Poden participar todos os poetas que o desexen, con textos en galego ou castelán.
2. O tema dos traballos ha ser o de O NADAL, desde calquera punto de vista.
3. Valoraranse os textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
4. É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
5. Concederanse os seguintes premios:
PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos.
SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos.
- 6 A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, antes das doce horas do día seis de xaneiro de dous mil once.
7. Todos os traballos han ser presentados baixo plica, facendo constar nela os datos persoais do autor.

BASES

BEGONTE (Lugo), Nadal de 2010.

FALLO DO XURADO DO XXXV CERTAME
DE POESÍA “BEGONTE E O NADAL”



FALLO
DO
XURADO

O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXXV CERTAME DE POESÍA “BEGONTE E O NADAL”, formado por:

D. XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO (escritor)

D. SINESIO PÉREZ RODRÍGUEZ (en representación da entidade patrocinadora)

D. XULIO XIZ RAMIL (en representación da entidade convocante, que actúa como secretario), acordou conceder os premios instituídos:


— *PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos, ó poema LAS ASCUAS DEL OLVIDO, de JUAN JOSÉ VÉLEZ OTERO, de Sanlúcar de Barrameda (Cádiz).*

— *SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros, e estatuíña de Sargadelos, ó poema BEGONTE, LEMBRANZA AGRADECIDA, de BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO (Mero), residente en Xanceda (A Coruña).*

— *Pola calidade do traballo, concédese MENCIÓN DE HONRA, dotado con estatuíña de Sargadelos, ao poema EN BEGONTE, NACE, de NOELIA MARTÍNEZ REY, de Lugo.*

O SECRETARIO DO XURADO

Xulio Xiz Ramil



JUAN JOSÉ VÉLEZ OTERO

Nace en Sanlúcar de Barrameda (Cádiz). Licenciado en Filoloxía Inglesa, exerce como profesor nun Instituto de Ensino secundario. Ten publicados os poemarios *Panorama desde el ático* (Madrid, Rialp, Col. Adonais, 1998), *Ese tren que nos lleva* (Madrid, Endymion, 1999), *Juegos de misantropía* (Ayto. de El Puerto de Santa María, 2002), *El álbum de la memoria* (Sevilla, Padilla, 2004), *La soledad del nómada* (Madrid, Vitruvio, 2004), *El sonido de la rueca* (Córdoba, Diputación / Casa de Galicia, 2005), *El solar* (Madrid, Endymion, 2007) e *Otro milagro de la primavera* (Valencia, Pre-Textos 2010)

Cos libros anteriores obtivo, entre outros, os premios Florentino Pérez Embid da Real Academia Sevillana de Buenas Letras, Feria del Libro de Madrid, Cáceres, Patrimonio de la Humanidad, Rosalía de Castro, Aljibe de Poesía ou José de Espronceda.

LAS ASCUAS DEL OLVIDO

Pero Dios en el pesebre
allí lloraba y gemía
(*San Juan de la Cruz*)

LA NOCHEBUENA

Está fría la noche. Y estrellada.
Una luna más blanca que la sal
cabrillea en el suelo y en la cal
del patio de mi casa congregada.

Mi abuelo tiene manos carpinteras
manchadas de anilina y pegamento,
mi padre bebe vino, sobrio y lento,
en la mesa de hojaldres y alpisteras.

Todos junto al belén; mi madre canta
un viejo villancico de pastores,
de miel, de anís y dulce. (Hay olores
que nos atan un nudo a la garganta).

Mis hermanos y yo, yo y mis hermanos
cabriolando cogidos de las manos.

EL BELÉN

Déronlle, asemade, luz da estrela,
guieiro dos peregrinos ao portal
na grande noite serea e misteriosa...
(*Fiz Vergara Vilarinho*)

¿Qué es más bella, la luna, o es la estrella
que cuelga, rubia luz, sobre los montes,
mentiras de papel con horizontes
neviscados de harina? ¿Qué es más bella,

la huerta de serrín o aquella noria
cercada de labor y lavanderas
asomadas al río? Por las eras
una brisa se finge ondulatoria.

¿Qué es más bella, la noche constelada
recortada en papel azul oscuro,
o la cauta candela de futuro
que la Virgen tenía en la mirada?

Por el campo, rompiendo los paisajes,
se aproximan tres Magos con sus pajes.

LA LUMBRE DE LA MEMORIA

Recuerdo cada año la impaciencia
de mis ojos de niño en la ventana,
la esperada ilusión de una mañana
que nacía al candor de la inocencia.

En esta noche vienen a mi mente
musgo y nieve de harina en un momento,
memorias de un sencillo nacimiento,
el sueño de una infancia transparente.

Celebro la festiva bienvenida
que colma la esperanza del Adviento
sabiendo que soy barro, y soy lamento
de lumbre antigua, clara y encendida.

Recordando el espliego del brasero
las ascuas de mi infancia recupero.

EL OLVIDO

Ya nunca mirarás tras la ventana
para buscar la estrella del Oriente,
para esperar la luz que de repente
te abra el pozo añil de la mañana.

ya nunca, de tu sueño incorporado,
esperarás sonámbulo a que suenen
murmullos en la sala, y ver que vienen
tus padres a anunciarte que han llegado.

Y al pie de aquel belén de musgo y nieve
sentarte a la ilusión de lo asombroso
a abrir papeles, a tocar nervioso
la piel de lo imposible mientras llueve.

Ya nunca más, nunca más... Porque ha llovido
toda el agua del mundo en el olvido.



BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO (*Mero*)

Baldomero Iglesias Dobarrio (*Mero*), naceu en Vilalba en 1951. É mestre. Fundador de *Fuxan os Ventos* e *A Quenlla*, ten adicada a súa vida á música e a poesía, tendo gravadas arredor de medio cento de cancións das que é autor da letra, e de moitas delas da música. Ten recollido milleiros de cancións populares por todo Galicia.

Premio Pedrón de Ouro 2009 e Premio Ramón Piñeiro 2011, ten publicados tres libros de poesía.

BEGONTE, LEMBRANZA AGRADECIDA

Terá o seu sitio Varela entre todos,
no seu taller, construíndo pra nós
aquelas tenras escenas chairegas
sobre un misterio de eterno guión
que mostra a todos o culto do pobo
–pois sendo humilde nunca se humillou–
e quer ceibarse das tantas miserias,
e quer erguer desde a súa propia voz.

Poden cos anos cambiar as figuras.
Poden, as pezas, moverse a motor.
Poden pastar polo monte as ovellas.
Pode lucir, no Portal, alto o Sol.
Poden, no escuro do ceo, as estrelas
deitar muxicas do Carro Maior,
pode ir correndo unha delas, fugaz,
deixar ronseis pendurando o fulgor.
Poden as casas, por dentro, ter luz;
pestanexar, nas lareiras, tizóns
e botar fume polas chimeneas
e desprender mesmamente calor.
Poden os Reis vir montando cabalos,
poden traer de primeiro a Melchor
e os dromedarios altivos e fortes
poden cumprir no relembro mellor.
Poden ser brancas ou negras as nubes
feitas de fíos, tramas de algodón.

Poden as augas do río ser de auga
ou simplemente espellar ilusións.
Pode que a neve pousada nos prados
sexa fariña miúda ou relón.
Pero non pode, en Begonte, o Belén
no esquecemento deixar sen autor
un Soldeluz que se envolve en farrapos,
nado nas pallas de escaso xergón.
Non poderemos deixar, entre sombras,
aquela orixe de humilde nación
e os desherdados, coitados e pobres
cos desterrados cheos de terror
detrás de alfaías, consumo e luxos
nunha vergoña de escaso pregón.
Non poderemos deixar que se perda
no esquecemento, a nosa tradición.
Desde o solsticio do inverno agardamos
un amencer cheo de luz e esplendor.
... Moito debemos aos que antes viviron,
ás mais e pais, aos velliños, avós,
aos que sacaron pedras dos camiños
dándonos azos, relanzos de amor.
Que son lembranza, semente e futuro
son devanceiros, fixeron doazón;
eles deixaron, a Chá innumerable,
aberta en fiestras de cara ao albor.
E aos que, quizais, só vemos desde os ollos
–cegos na néboa que oculta o perdón,
cegos de fe, confianza e vontade–
de compartir cos irmáns a súa dor...
cómpre quitarnos dos ollos as bágoas
para ver ben e advertir que na flor,

hai un recendo que anuncia esperanzas
e hai algo más que unha imaxe, unha cor,
hai melodías que enchen espazos
e hai tenruras de fonda impresión
están aí, e nas cousas pequenas;
están aí... para a liberación.



NOELIA MARTÍNEZ REY

Con oito anos, gañou o seu primeiro premio de poesía na Biblioteca Provincial de Lugo. É unha gran afeccionada á lectura e eso coída que fomentou a súa habilidade para escribir.

Entre os numerosos premios conseguidos destacan en narrativa os de Relatos de Verán de *La Voz de Galicia* (2003), o de Contos Noble Villa de Portugalete (2009), relatos para rapaces *Corazón de la Mancha* (Alcázar de San Juan, 2010), Cuentacuentos (Madrid 2004 e 2005), Cuna del Canal de Castilla (Palencia, 2003), Trapero Pardo (Lugo 2004) ou o Concurso de Contos de Llodio (2004). En Poesía e Narrativa, o de *Temos un Parlamento, temos unha lingua* en 2003, ou o Miguel Hernández (Melilla, 2008). En debuxo e relato fantástico, o Seastaoko Gaztelekua en Sestao (2006). E en Poesía, destacan o Díaz Jácome para novos creadores (Mondoñedo, 2009 e 2010), ou o Premio Internacional St. Paul's (Barcelona, 2005).

Agora ten 18 anos e estudia Química Industrial na Universidade de Lugo.

EN BEGONTE, NACE

E apareces, así, desdebuxada,
trazando ausencias no meu peito,
mentres eu
que por sentir non sinto nada,
buscas morrer entre o fol dun intento...
... esquecido e case sen vida, o gaiteiro.

Como notas que se suceden,
como airiños frotantes no misterio das cores,
enreda o raizame do poeta,
enreda auspiciando compañá, auspiciando
amores
nun voar de bolboreta;
Paxoliña de inverno
difusa, doce.

Sexa o tempo, decorador de soños,
sexo o frío latente, morno espertar,
que o folclore rexurda,
que o Nadal, Nadal.
Ensálcese a vella patria,
camiño de Begonte,
de inocente melancolía,
que no crepúsculo da túa noite
nace un neno
nace o adaíl do veceiro,
nace a paz e nace a vida.

E é nesa parte imperecedeira e tenra
dos versos dos anterros,
onde nas fiestras medran luces
e nas árbores, invernos.

Ao lonxe volve o son cascabeleiro,
ao lonxe,
convertido na tradición roída
que un crego soñou un día
nunha estrela e lúas escintiladas
inventei un cantar de Reis. Son gaitas.

No primeiro plano o misterio;
e un pouco máis alá, (entre o fol dun intento)
cantando as panxoliñas a carón dos nenos...
está O Gaitero.

II

Esperanza de Nadal,
utopía
que medra nalgures...

Miro pola fiestra
e non vexo nada,
será que escoito a terra apagada,
e un corazón latexante de vida
respira,
sinte,
regresa,
bule.

É o home que volve,
beliscando os meus adentros,
sentíndo todo,
soñando esperto,
suspiro esquecido, ilusionado, e efémero
que xorde
aquí... onde?
Volve á aldea que o viu nacer.

Sinxela panxoliña escumeante
de ser,
que vira entre verbas,
balbordo, silencio,
durme.
Mentres, o anhelo pelexante de ver
que o envolve,
as estrelas caen entre pálpebras
nun soño.
Un neno que chora nese inevitable querer,
morno,
tinxido de luces, de tebras,
de bágoas de cores;
e nace, arroupado coa lúa,
con todo Begonte, coa escuridade máis núa,
sentindo asubíos que cantan galegos,
que espertan a chama da imberbe alma súa.

Miro pola fiestra
e non vexo nada,
será que escoito a terra apagada,
desexos inquedos de dozura amarga,
amarga.

Neste durmir berran ledicia,
e sigo a soñar...
utopía,
utopía.

III

Entre escurecidos resplandores,
entre embelecidas lembranzas,
entre alleos visitantes
coas máis sinxelas grazas...

Inventadas figuras tararean
cancións de berce,
que asubían paseniño
alí, onde as estrelas obedecen.

Imos a begonte
coa perenne faciana,
sen saber máis nada,
que tanto pecha é a noite
coma poderosa é a esperanza.

Alí, en Begonte,
nace.
É pequecho e dorme.

sanal para le...
ousas da vida, cheo de a...
universais, cheo de a...
dos dos nosos devance...
n habilidade, inxenio e
a...
arredor é tamén un
ropicio para que a
da á ledicia arte.
riva medre e
mas
mas
sua a
parpadexa...
ata o antencer du...
no que se aviva a ch...
vida e do traballo corián...
Nunha xuntanza do gra...
os protagonistas do gra...
ro pleno: Os Re...
aron do Neno Deus,
ria e S. Xosé, e
7 camellos re...
nde viaxe...
ñas un...
arm

PRENSA

XXXV CERTAME DE XORNALISMO
“BEGONTE E O NADAL”

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte (Lugo), entidade promotora do Belén Electrónico, co patrocinio da Xunta de Galicia e co fin de potenciar o espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o XXXV CERTAME XORNALISTICO “BEGONTE E O NADAL”, de acordo coas seguintes bases:

A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal, revista ou en internet, en lingua galega ou castelá, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e –en xeral– ó Nadal en Galicia.

B. Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos, dotados con:

- PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.– 600 euros e estatuíña de Sargadelos.
- SEGUNDO PREMIO.– 300 euros e estatuíña de Sargadelos.

C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do seis de xaneiro de 2011, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.

D. A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan constar os datos persoais do autor. No caso de traballos en internet, texto impreso e indicación da páxina onde está publicado.

BASES

Begonte (Lugo), Nadal de 2010.

FALLO DO XURADO DO XXXV CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”



FALLO DO XURADO

O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXXIV CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”, formado por D. XESÚS MATO MATO, D^a BLANCA PACÍN SOMOZA, D. MARCIAL GONZÁLEZ VIGO, D. XULIO XIZ RAMIL e D. JOSÉ RODRÍGUEZ GÓMEZ, do Centro Cultural de Begonte, que actúa como Secretario, examinados os traballos presentados, acorda emitir o seguinte fallo:

- *PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos. Concédese ó artigo “VOLVEU AMENCER EN BEGONTE”, publicado en El Progreso e www.galiciadigital.com por XOSÉ MANUEL CARBALLO FERREIRO.*
- *SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros, e estatuíña de Sargadelos, para o traballo titulado “UNA ESTRELLA DE MENOS, MILES DE MÁIS Y UN MISMO DESTINO”, publicado en El Progreso e www.galiciadigital.com por PABLO NÚÑEZ GONZÁLEZ.*
- *Pola calidade dos artigos, concedeuse cadansúa MENCIÓN DE HONRA dotadas con Estatuíña de Sargadelos ós traballos PORTAL EN BEGONTE, de MARÍA EUGENIA VALLE PRADO (Kenia), de Cer-*

*deiras-Begonte, e “A VIAXE DE IRIS”,
de RUTH FERNANDEZ FERNÁNDEZ,
publicados ámbolos dous en www.galicia-digital.com.*

O SECRETARIO DO XURADO

A handwritten signature in black ink, consisting of a large, stylized initial 'J' followed by 'R' and 'G', with a small horizontal line above the 'G'.

José Rodríguez Gómez



XOSÉ MANUEL CARBALLO FERREIRO

Xosé Manuel Carballo Ferreiro naceu en Goberno (Castro de Rei da Terrachá), o ano 1944.

É crego, e exerce o seu ministerio en varias parroquias de Castro de Rei, entrelas a capital do Concello. Foi formador do Seminario de Mondoñedo.

Humorista e prestidixitador, por riba de todo é un home da Igrexa e da Cultura; animador cultural e auténtico vivificador social.

Ten publicado teatro (*O menciñeiro á forza*, *Recobrou o sorriso o Eleuteiro*, *¿Bo Nadal?*), narración (*Parábolas chairegas*, *Don Otto de viaxe pola Chaira*, *Contrato nulo*), e comentarios de prensa, feito programas de Radio e dirixido o programa “Hai que celebralo” en Televisión Lugo.

Ten acadado premios de xornalismo en Sarria e Vilalba; de investigación histórica en Bazar (Castro de Rei) e, en dúas ocasións, o Premio de Novela do Concello de Vilalba.

En Begonte ten acadado en varias ocasións o primeiro premio do Certame de Xornalismo sobre O Nadal.

VOLVEU A AMENCER EN BEGONTE

Teño que confesar que no enterro do Vareliña en Begonte estiven bastante distraído. Fíxense como andaría de distraído ese día que, por máis que o intento non dou lembrado a data exacta do seu paramento. Segundo para que cousas, teño moi mala memoria. Non obstante, lembro unha imaxe fixa que ata hai pouco non din arrincado do meu maxín e que me fixo sufrir moito. Aquel día no presbiterio xunta ao altar estaba coma un pitiño que non deixou de chorar durante toda a misa D. Xesús, o actual cura de Begonte, do que deberei dicir para quen non o coñeza, que é o herdeiro de seu irmán Xosé, o fundador con Varela dese nacemento que é unha gran lección de teoloxía e o máis completo tratado de etnografía chairrega . Xesús é o cura-canteiro que vive todo o ano para o Belén e para Begonte e o seu entorno. Así, é todo o ano un gran apóstolo, pois bebe da fonte de Deus feito Neno e espárese auga divina por toda Galicia. Sempre que eu miraba para el vía, ou ben co Varela a carón de si ocupando o lugar que debería ocupar o seu brazo dereito, ou sen o brazo dereito. ¡Que alucinacións pode chegar a sufrir un ás veces! Aínda estoutro día tiven que tocarlle disimuladamente para comprobar que segue tendo consigo o seu misterioso brazo dereito. Isto, por se alguén o pón en dúbida, aconteceu o catro de decembro na inauguración do Belén.

O feito de pasar a misa do funeral tan distraído foi debido a que non deixaba de matinar en que este ano a noite do Belén de Begonte

cos seus tronos e relampos íase prolongar dun xeito descomunal, ata o punto de non volver a amencer. Durante o: “Eu confésome peccador”, dicíame para os meus adentros: ¡Pecador de min! ¿Cómo vai alborexar en Begonte se levaron a Vareliña, o profesor-artesán que facía a luz? Logo, no ofertorio, deume por matinar: ¡Pois estámosche aviados! Se non hai luz é porque non hai electricidade e, se falla a enerxía, ¿quen vai mover os motoríños ananos que son a alma pequena que dá vida ás figuriñas? No Nosopai, mentres outros dicían: “Padre nuestro, hágase tu voluntad”, a min escapóuseme: Noso Pai, ¿por qué Ti que antes de alborexaren os tempos pensaches: “fágase a luz” e fíxose de súpeto, tiveches a vontade de deixar sen luz este Belén levando antes tempo a Varela, facedor de luz coma Ti? ¿Non será que tiñas celos del? E mentres outros dicían: “No nos dejes caer en la tentación”, eu xa pecara de pensamento matinando que Deus non debe ser tan xusto como se di, senón non levaría a Varela deixando á súa muller e moitos outros ás escuras. Naqueles momento non lle din a paz a ninguén, porque ninguén dá o que non ten. Ao volver de comulgar unha voz, non sei se interna ou externa, o que si sei é que con son reverente de Padre eterno díxome: Chamei a Pepe Varela para xunto de min porque o reclamou para aquí Don José que levaba anos rallándome en que había que aumentarlle aínda máis o resplandor á Luz feita Carne.

Falando eu con aquela voz que me falaba a min comentei coma quen non quere a cousa: Logo, estará que non cabe en si de orgulloso. En son de repreñión retrucoume: ¿Quén o Varela? ¿Orgulloso o Varela? Non vaias por aí presumindo de que o tratabas, que polo que vexo nin o coñecías. ¡Orgulloso o Varela! Era o que me faltaba por oír. Debeuche quedar a cabeza oca. ¡Vaia, home, orgulloso o Varela! ¡Estache boa!

Avergoñado calei, recollín a bendición impartida polo celebrante presidente e desde aquela non deixei de preguntarme a min mesmo: ¿Pero amencerá ou non amencerá no Belén de Begonte para acoller tamén este ano ao Sol que renace?

Pois....¡Amenceu!... Pídolles que o secreto quede entre nós, pero a min díxome o anxo Gabriel que Varela levou disimuladamente, e sen que o soubese nin a súa muller, no peto esquerdo do pantalón novo dúas chaves conmutadas e un relé e deixoulles outras dúas a Xulio Xiz e José Luís Varela Lagares, porque, xa se sabe, que as chaves conmutadas non poden cumprir a súa función de conmutar sen correspondencia. E entre estes piares do Belén e algúns máis sempre houbo e ten que seguir habendo unha correspondencia total. ¡Miren de que xeito tan orixinal o argalleiro de Varela fixo que tamén este ano amencese en Begonte! ¡Está visto que o Joselín nin escarmenta, nin deixará nunca de pensar nos demais e seguirá aparentando que son outros os que o fan todo! Vaia pola súa alma. Amén.



PABLO NÚÑEZ GONZÁLEZ

Funcionario da Xunta en Lugo, sente paixón polas grandes civilizacións, en especial pola romana e a celta.

Coa súa primeira novela, *Las hijas del César* (editada por El Andén en varios idiomas), foi finalista do Premio Planeta de Novela 2006. É unha intensa viaxe pola Galicia dos césares, na que Lucus Augusti é ó mesmo tempo escenario e protagonista.

A súa segunda novela, *Ladrones de historia* é o dinámico relato dunha trama en tempos da guerra civil, na que unha banda internacional tenta saquear o riquísimo patrimonio cultural do país.

UNA ESTRELLA DE MENOS, MILES DE MÁS Y UN MISMO DESTINO

Ya nos visitan las nieblas de Santa Lucía y a la estrella de oriente le ha salido competencia, su gemela occidental ya brilla en la vieja Gallacia con un esplendor intenso y renovado. La estrella “de occidente” reina sobre a Terra Chá, y su trono majestuoso y ebrio de magia sucumbe ante la grandeza de Begonte y su diamante máspreciado y valioso.

Cierto que hemos sufrido una pérdida enorme, el alma de artesano, el corazón del Belén, pero alma y corazón han resucitado y resurgido de sus cenizas para hacerse guía hacia el mismo destino. Él ya no nos acompaña aquí abajo, pero ella sí, porque tras el fulgor de la estrella, Varela aviva la luz del candil del cuerpo celeste y nocturno, y lo hará para siempre.

Pero no estamos para lágrimas, tal vez sólo para una, mirando al cielo y viendo pasar a toda velocidad a alguna de las Perseidas. Buen momento para pedir un deseo, ¿verdad? El mío, como siempre, el poder disfrutar con mis pequeños a los pies del reino del niño.

Hace doce meses Arturo casi no hablaba, pero recuerdo lo que decían sus ojos. Existen pocas sensaciones más bellas que observar a un niño que te enseña a través de sus ojos lo que siente su corazón, tal vez cuando acompañe la magia de esa mirada con las palabras que ya pronuncia su hermana Laura.

Y eso que Laura crece, y con que rapidez, y su forma de expresarse va evolucionando y deja a un lado aquel “Dios, papá, éste es más grande que el nuestro”, por un “papi, es el belén más

maravilloso del mundo”. Deseo, casi lo suplico, que no llegue a escuchar algo como “qué pasada, tronco”. Veremos lo que nos depara el destino, pero por el momento, la única voz que oiremos soñando ante la joya de la artesanía electrónica, será la del centurión romano:

—Y este año no quiero a nadie fuera de su puesto, por una vez repetimos la guardia, ya sabéis, ahora son dos los homenajeados, Jesusito y “el jefe” Y ojo que nos vigila desde la primera estrella de la derecha.

Y a la orden del centurión, todos los habitantes de nuestra aldea mágica responden con alegría y repiten por una única temporada su ubicación y su papel en la obra. Excelente idea y merecido homenaje. Mi enhorabuena.

La lavandera canta y sonrío, el carpintero le guiña el ojo izquierdo, el pescador lanza con más fuerza, y los zoqueiros charlan con los dos vecinos que siguen dale que te pego a la sierra. Es de imaginar que nadie dudará a estas alturas que nuestras figuritas hablan, sienten o

aman, ¿verdad? Una vez despejadas las dudas volvamos a soñar.

Soñemos con que bajo las alas que bate la paloma se respire libertad, soñemos con que el pan que se cuece en los hornos llegue a los platos de cada niño, de cada padre, soñemos con el espíritu de Begonte extendido a los cuatro vientos por el huracán de la esperanza. Con sueños así los problemas se superan y las voluntades se unen, el camino se hace más llevadero, y el futuro se ve más claro entre las brumas que ocultan el horizonte.

Deberíamos aprender, y bastante, del poder de convocatoria y del esfuerzo colectivo de los que son capaces de renovar la magia cada Navidad. La magia es como la suerte, si no la buscas, no la encuentras; y si caminas acompañado te encontrarás menos piedras en el camino, o al menos tendrás ayuda para saltarlas con más brío.

Mañana emprendo el viaje detrás de una estrella, ¿nos vemos?



MARIA EUGENIA VALLE PRADO (*Kenia*)

Amante da natureza, da arqueoloxía, do deporte (principalmente fútbol e baloncesto) e da lectura, traballou como auxiliar administrativa, axudante de arqueólogo, nas industrias madeireira e láctea, e como mestra de informática.

Actualmente estuda o último curso de Administración de Sistemas Informáticos.

En Begonte, gañou o 1º premio do XVII Certame de Debuxo Infantil no Nadal de 1992.

CONTO DE NADAL

Orballara todo o día, pero á noitiña, empezaba a xear. Os veciños apuraban a facelas últimas labouras antes de metérense tralo lume da lareira...

As faíscas apousaban na roupa de Maruxa que estaba a enxugar.

A Marela amosábase inquada na cambelleira.

Manolo ceibouna e avisou a Maruxa de que ben seguro a vaca non había pasar daquela noite.

A Marela esperaba a súa primeira cría.

O día anterior Manolo tivera que traela do prado de xunto o río, na veiga da ponte e xa contaba que parira aquela noite; de feito de camiño á casa parara con Xan de Lorio, que viña dun prado que tiña en Quitimil, e avisáralo de que se cadra de noite viña onda él por mor da vaca.

Maruxa andaba atafegada coas labouras da casa, quería rematalas canto antes, e mentras Manolo miraba pola xata, ir ver a súa comadre María que vivía pé da igrexa e que esperaba un meniño.

E así fixo, rematou e botouse a andar cara á Vila Grande ver a María. Xa estaba chegando cando parou conversar un pedazo con Pepe de Carrión que estaba a estralas cortes aínda, xa que a muller non andaba moi ben das pernas e con esta friaxe resentíase máis delas, así que andaba él a facela faena.

—Neste tempo adícase a tasca-lo liño ou a esfollar no millo para non coller máis reu-

ma da que xa ten. Fai quince días pasou o D. Tomás por aquí que ía ver a Nicolás de Seixo que seica anda cunha bronquite moi mala e dixome que non a deixara andar fóra con este tempo. Así que, así che é Maruxa.

—Dalle un saúdo da miña parte Pepe e que se millore, vou ver a María que aínda me ha colle-la noite antes de chegare!

Cando Maruxa chegou a casa de María, atopou con Xosé de fuciños na porta. Ia para a súa casa. Ó pouco de saír ela da casa á Marela comezáranlle as dores do parto. Manolo foi onda Xan de Lorio que vivía preto deles e logo correu polo atallo para ir buscar á muller, e se María se atopaba ben pedirlle axuda tamén a Xosé.

Xosé estaba moi inquedo, María non se atopaba de todo ben, estaba visto que o meniño non tardaría moito en vir ó mundo, él quería axudarlle a Manolo como bo veciño que era, pero doíalle a súa muller.


Maruxa cavilou ben e axiña; berrou dende a eira por Mercedes e Manola, veciñas de María, que lle axudarían a quentala auga, a buscar panos limpos e todo o que facía falla para que ese neno ou nena viñese ó mundo. Mentres Xosé axudariálle a Manolo e a Xan coa Marela.

Maruxa achegouse a María. Suaba. Tiña dor pero non se queixaba.

Mentras, os homes encargábanse da Marela pero todo ocorreu sen complicacións e moito antes do agardado nacía un cuxo teixiño coma súa nai e de ollos moi vivos que non agardou a que acabaran de lambelo e xa andaba pola corte ollando prudente cada recuncho.

Sáiron todos da corte con intención de ir á casa de Xosé na procura de novas sobre María e a criatura que ía nacer...

Non estaba para nacer. Xosé alzou a vista cara a súa casa e viu cintilar unha estrela no máis alto do ceo. Na aldea de Begonte había un novo veciño... Chamariáase Xesús...



RUTH FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

É licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela, na que realizou colaboracións co Departamento de Literatura Española, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral.

É colaboradora habitual de xornais como Galicia Hoxe e La Voz de Galicia. Tamén ten publicado traballos en El Progreso, Lugoxove, Evohé, Moenia ou Unión Libre.

Gañou o Premio de Relatos Curtos do Concello de Lugo, e o Premio Periodístico Manuel Reimóndez Portela, na súa novena edición, pola serie de traballos publicados sobre o fomento da lectura, sendo a primeira muller que recibe este galardón.

A VIAXE DE IRIS

Iris era unha nena que dende moi cativa se sentiu cidadá do mundo, sen máis, coma individuo sen patria nin bandeira, sen raíces en ningures, polo traballo do pai, que a facía viaxar e acomodarse ás novas situacións a cada pouco. Iris adaptábase con facilidade, e de seguido facía amizades e aclimatábase ó norde ou ó sur, segundo caera. A nai non tanto. Lembraba a súa terra natal con frecuencia. Na memoria recordaba as imaxes daquela localidade luguesa na que fora á escola, na que fixera os primeiros amigos e vivira o primeiro amor, infantil se cabe, pero o primeiro. A nai doíase de estar tan lonxe e máis aínda polo Nadal, cando todos semellan volver á casa, aínda que só sexa por esas datas. Intentaba suplantarse esa falta cos vilancicos galegos que gardaba coma un tesouro nun caixón, para escoitar a noite do 24 de decembro e por Reis.

Cando entraban en decembro ilusionábase coa idea de viaxar ata a aldea natal, en Begonte. E sempre llo dicía á nena: ‘Iris, este ano vamos ir a Begonte. Xa verás qué fermoso é o Belén que hai alí. É coma un espectáculo da vida, alí gardado, diante dos teus ollos. Hai moitas figuríñas, cada unha co seu oficio. Hai panadeiros, xente que traballa a lá... Observarás como a neve cubre as árbores e o portal. É moi especial, xa o verás’.

Así un ano detrás doutro. E nada. Iris xa non cría que aquel lugar existira. O de ir a Begonte polo Nadal parecíalle imposible, sem-

pre era o traballo o que impedía visitar o lugar de nacemento da nai, e sempre eran os avós os que viaxaban para estar coa neta. Iris cada ano sentíase un pouco máis desilusionada do Nadal, por non poder ir ver aquel ‘marabilloso mundo’, como dicían eles. Ata para o pai era algo extraordinario. E todos menos Iris coñecían Begonte. Aquela vez ía ser distinto. Ela tiña claro. ‘Se este ano non podo ir, para o ano terá que ser’, díxose a si mesma.

Caladiña, marchou da cociña, subiu ó seu cuarto e comezou a escribir unha carta. Cavi-laba nas palabras exactas, coma se aquela mi-siva fora ser enviada a alguén moi importante, coma se se tratara dun grande documento. Iris tiña entón dez anos e poñía moito esforzo e ilu-sión en todo o que facía.

‘Chámome Iris, teño 10 anos e vivo en... no mundo. Mellor non digo onde, non poño tampouco o que na escola dixo a profe que se chamaba remite, porque cando esta carta che-gue ó seu destino talvez xa non estea aquí... nesta gran cidade que nos fai ser monicreques iguais os demais, versión repetidas dos nosos veciños, coma os cromos que cambio no co-lexio co Pedro e a Paula. Cada pouco estamos a cambiar de casa. Confío, aínda así, en que saibades igualmente que é miña. Sempre me falaron de que había un lugar no que o Nadal era máis Nadal, onde eu podería aprender os oficios antigos que non coñecín, ver á xente traballando o campo, así coma os rabaños de

ovellas e os cochiños mamando... e no centro de todo ese mundo por experimentar a imaxe de Xesús no portal. Vería amencer e porse o sol, tamén nevar e sentir os lóstregos dunha tormenta, todo no mesmo espazo, como ver pasar unha película que mestura ficción e rea-lidade diante dos ollos. Iso é do que me falan os avós. E tamén os meus pais. Din que é algo marabilloso...

E vaise un Nadal e outro e outro... e nunca conseguimos ir por estas datas. É un lugar que chaman Begonte, seguro que vós o coñecedes, porque alí tamén hai nenos... Eu pídovos que, por riba de todo, me concedades un desexo para o ano que vén, xa que este sei que non vai poder ser... porque o papá ten que viaxar outra vez. Pídovos unha nova Barbie e un xogo para a videoconsola que me regalaron o día do meu aniversario, pero sobre todo ir a Begonte no próximo Nadal, por riba de todo isto último. Tamén lle ía gustar á mamá, que cando chega o 6 de xaneiro lembra como de nena a levaban ver o Belén, despois de erguer-se da cama e abrir os agasallos que estaban de-baixo do piñeiro. Era cita obrigada, e máxica, para ver o traballo humano vertido alí. Cón-tamo cada ano’.

Botou a carta ó correo, tal vez sen rum-bo, para perderse... Pasou o tempo e chegou o outono. Con el as tardes de melancolía na hora do crepúsculo e a harmónica caída das follas deixando as árbores núas. Logo veu o inverno

e o soño de Iris, por fenómenos máxicos ou por casualidade, convertiuse en realidade. Ó ano seguinte de botar aquela carta de nena dirixida os Magos de Oriente, chegaba a resposta anxeiada. ¡Ílan á aldea! Visitarían Lugo e Begonte, a terra onde nacera a nai. ¡Visitarían o Belén! Iris preparou con moito tino a maleta, gardando os dous xerxeis preferidos e a falda de pana verde. Empezaron unha viaxe so-

ñada, ó chegar estaban os avós esperándoos cunha caixiña vermella para a nena. Abriuna e xunto a un libro de contos había unha nota que dicía: ‘Benvida ó Nadal de Begonte’. Viviu o máxico espectáculo e co tempo soubo que había unha cousa ben certa: ‘o nadal era unha festa para amar e o que se aprendía de neno xa non se podía esquecer’. As súas raíces eran xa galegas, de Lugo.



CENTRO CULTURAL "JOSÉ DOMÍNGUEZ GUZÁN"
BEGONTE (LUGO) – DEC. 2011-XANEIRO 2012

O NADAL



XXXV

**certame
de
xornalismo**

**certame
de
poesía**

